

MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, CONCELEIRO-SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,


CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión **ORDINARIA** celebrada o día dez de decembro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

14/898 **CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) -SEGUNDA PARTE- MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO, EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO DE PROXECTO: 112410004). LOTE 9 -IMPRESIÓN DIXITAL-, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO. DESISTENCIA DO PROCEDIMENTO PARA O LOTE 8 E CONVOCATORIA DE NOVA LICITACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 28 de novembro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

"ANTECEDENTES

- I. Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 8/553 na sesión celebrada o día 30 de xullo de 2014, polo que se aproba entre outros a **CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA)- segunda parte- MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 9 - IMPRESIÓN DIXITAL-RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**, tamén se aproban os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a súa adxudicación polo procedemento aberto.
- II. Tramitación regulamentaria do expediente.
- III. Informe do Negociado do Rexistro, do día 28 de agosto de 2014 no que se pon de manifesto que á referida licitación se presentaron as seguintes plicas:
 - 1) TERESA CARBALLO BARRO (VANGARDA FORMACIÓN)
 - 2) COMBINA SOCIAL, S.L.
 - 3) ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA
 - 4) ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER LUGO
 - 5) PEDRO GUERREIRO IGLESIAS (ALMONEDA INGENIERÍA)
 - 6) FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN
 - 7) ESTUDIOS RAFER,S.L.
 - 8) ALAR GALICIA
 - 9) ASOCIACIÓN LUCENSE DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS (APREVAR).
 - 10) FORGA (FUNDACIÓN PARA A ORIENTACIÓN PROFESIONAL DA INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO.
 - 11) SENES CITY, S.L.

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 1/9
 dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x600140898

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-12-2014

- 12) CEFORLUGO, S.L.
- 13) FORMACIÓN INTEGRAL ACTEX, S.L.
- 14) ASIN LUCENSE, S.L.U

IV. Acta da mesa de contratación celebrada o día 28 de agosto de 2014 na que se recolle que os membros da mesa unha vez comprobada a documentación administrativa presentada por tódalas empresas acordan concederlle un prazo de tres días hábiles ás empresas: COMBINA SOCIAL, S.L., PEDRO GUERREIRO IGLESIAS (ALMONEDA INGENIERÍA) e ALAR GALICIA, para que subsanen os erros da súa documentación administrativa.

V. Acta da mesa de contratación celebrada o día 8 de setembro de 2014, na que se recolle que os membros da mesa unha vez informados por parte do Secretario da mesma, dá conta da documentación presentada polas empresas COMBINA SOCIAL S.L, ALMONEDA INGENIERÍA, ALAR GALICIA e APREVAR durante o prazo concedido pola mesa de contratación para a subsanación dos erros na súa documentación administrativa. Tras o exame da documentación, os integrantes da mesa acordan dar por válida e polo tanto subsanado o erro no caso de COMBINA SOCIAL e ALMONEDA INGENIERÍA, e excluír ás entidades ALAR GALICIA e APREVAR, procedéndose a continuación á apertura dos sobres B (oferta técnica) das empresas admitidas á licitación, tras o que unha vez comprobada que é a documentación requirida polo prego de cláusulas administrativas particulares, acordan solicitar informe técnico da Axencia de Desenvolvemento Local sobre a documentación incluída nese sobre B, todo iso con carácter previo á apertura dos sobres C.

VI. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 29 de setembro de 2014 na que se recolle que por parte do secretario se dá lectura ao informe emitido pola Axencia de Desenvolvemento Local sobre a valoración dos criterios de adjudicación non avaliados automaticamente e se procede posteriormente á apertura dos sobre C correspondente á documentación relativa aos criterios avaliados automaticamente. Á vista das ofertas presentadas, detéctase que a empresa **FORMACIÓN INTEGRAL ACTEX, S.L.**, que presentou oferta económica para o **LOTE 8 (ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO)**, non aparece avaliada no relativo aos criterios non avaliados automaticamente no informe emitido polo Servizo de Axencia de Desenvolvemento Local, razón pola cal se acorda solicitar a este servizo un informe aclaratorio ao respecto.


VII. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 9 de outubro de 2014, co seguinte teor:

'ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE ACCIÓNS FORMATIVAS- MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 9- IMPRESIÓN DIXITAL- RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO. Proposta de adjudicación.

Sendo as 13:00 horas do día 9 de outubro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Oitava Tenenta de Alcalde: dona Rosana

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 2/9


dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==

Rielo Rozas, que actúa en suplencia da Ilma Sra. Tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais, dona Esther Muñoz Mella, en representación do Grupo Municipal do Partido Socialista: PSG-PSOE, dona Paz Abraira Sobrado, en representación do grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora da Asesoría Xurídica e actuando como secretario da mesa don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta da mesa e procédese por parte do seu secretario a dar a coñecer as puntuacións obtidas tanto nas ofertas técnicas como nas económicas.

En relación co LOTE 8, os integrantes da mesa de contratación acordan propoñer o desestímulo do procedemento por infracción dunha norma reguladora do procedemento de adjudicación, ao constatare que no informe técnico de valoración dos criterios non avaliábel automaticamente non foi tida en conta unha das proposicións. Deste xeito, ao terse producido xa a apertura das proposicións económicas de todas as empresas participantes no procedemento, non é posible cumprir o establecido no artigo 150 do TRLCSP no que se establece que 'a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios nos que non concorra esta circunstancia, deixándose constancia documental disto'.


Procédese a continuación a elaborar novos cadros de valoración das distintas ofertas ao ter as puntuacións das ofertas técnicas e das ofertas económicas o cadro final de puntuacións, co seguinte resultado:

LOTE 1(MONITOR DE TURISMO ACTIVO)

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
ESTUDIOS RAFER, S.L..	20,00	80,00	100,00
FORGA	20,00	59,07	79,07
ASIN LUCENSE, S.L.U.	17,00	70,81	87,81

LOTE 2 (ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS)

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 3/9
 dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x600140898

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-12-2014

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
VANGARDA FORMACIÓN	16,00	12,65	28,65
AFALU (ASOC. FAMIL ENFERMOS ALZAHEIMER.	16,00	63,27	79,27
ESTUDIOS RAFER, S.L.	16,00	75,31	91,31
SENES CIT, S.L.	20,00	80,00	100,00
FORMACIÓN INTEGRAL ACTEX, S.L.	16,00	57,28	73,28

LOTE 3 (MONITOR DE LUDOTECAS)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
ESTUDIOS RAFER, S.L.	20,00	80,00	100,00
FORMACIÓN INTEGRAL ACTEX S.L.	16,00	63,93	79,93

LOTE 4 (ENQUISADOR)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
ASIN LUCENSE, S.L.U	20,00	80,00	100,00

LOTE 5 (ELABORACIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
ESTUDIOS RAFER, S.L.	20,00	80,00	100,00

LOTE 6 (TÉCNICO EN TRANSPORTE SANITARIO)

4

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 4/9



dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
<i>ESTUDIOS RAFER, S.L..</i>	16,00	80,00	96,00
<i>CEFOR LUGO, S.L..</i>	20,00	56,66	76,66

LOTE 7 (INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES)


	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
<i>ESTUDIOS RAFER, S.L.</i>	16,00	80,00	96,00
<i>ALMONEDA INGENIERÍA</i>	20,00	37,76	57,76

LOTE 9 (IMPRESIÓN DIXITAL)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
<i>COMBINA SOCIAL, S.L.</i>	20,00	80,00	100,00

LOTE 10 (COIDADORA/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
<i>VANGARDA FORMACIÓN</i>	16,00	31,47	47,47
<i>AFALU (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER) VANGARDA FORMACIÓN</i>	16,00	78,68	94,68
<i>ESTUDIOS RAFER, S.L.</i>	20,00	80,00	100,00

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 5/9
 dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

LOTE 11(OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
ASOCIACIÓN PROV DE EMP DE HOSTELERÍA DE LUGO	20,00	58,05	78,05
ESTUDIOS RAFER, S.L.	20,00	80,00	100,00
ASIN LUCENSE, S.L.	20,00	61,33	81,33

LOTE 12 (ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE)


	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	20,00	46,68	66,68
ESTUDIOS RAFER, S.L.	11,00	80,00	91,00

LOTE 13 (OPERACIÓNS BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR)

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO	20,00	64,47	84,47
ESTUDIOS RAFER, S.L.	20,00	80,00	100,00
ASIN LUCENSE, S.L.	20,00	66,44	86,44

LOTE 14 (OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS)

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 6/9
 dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

	<i>Oferta técnica</i>	<i>Oferta económica</i>	TOTAL
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	20,00	46,66	66,66
ESTUDIOS RAFER, S.L.	11,00	80,00	91,00

Tendo en conta o mesmo, os membros da Mesa acordan propoñer as adjudicacións a cada lote como se desglosa a continuación, por ser as ofertas no seu conxunto máis vantaxosas para o Concello:

Lote 1: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 2: SENES CIT, S.L..

Lote 3: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 4: ASÍN LUCENSE, S.L.

Lote 5: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 6: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 7: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 9: COMBINA SOCIAL, S.L.

Lote 10: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 11: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 12: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Lote 13: ESTUDIOS RAFER, S.L.


Lote 14: ESTUDIOS RAFER, S.L.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:50 horas, no lugar sinalado no encabezamento.'

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 7/9
 dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x600140898

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-12-2014

Primeira. Durante a tramitación do procedemento administrativo de contratación da docencia especializada mediante accións formativas no marco do proxecto 'Lugo, Emprego Activo 2' e tal e como se recolle nas actas da Mesa de Contratación do 29 de setembro e 9 de outubro de 2014, produciuse unha infracción das normas reguladoras do procedemento de contratación xa que se detectou que a empresa **FORMACIÓN INTEGRAL ACTEX, S.L.**, que presentou oferta económica para o **LOTE 8 (ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO)**, non aparece avaliada no relativo aos criterios non avaliábeis automaticamente no informe emitido polo servizo de Axencia de Desenvolvemento Local.

Tras as oportunas verificacións, os integrantes da mesa de contratación acordan propoñer o desestímulo do procedemento por infracción dunha norma reguladora do procedemento de adxudicación, ao constatare que no informe técnico de valoración dos criterios non avaliábeis automaticamente non foi tida en conta unha das proposicións. Deste xeito, ao terse producido xa a apertura das proposicións económicas de todas as empresas participantes no procedemento, non é posible cumprir o establecido no artigo 150 do TRLCSP no que se establece que 'a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios nos que non concorra esta circunstancia, deixándose constancia documental disto'.


Segunda. O artigo 155.4 do TRLCSP establece que o desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. O desistimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación. Por parte do que subscribe enténdese acreditado no expediente a concorrencia da causa, tal e como se explica na consideración primeira, procedendo a apertura dun novo prazo para a presentación de ofertas por parte dos interesados coa finalidade de realizar a adxudicación do lote 8, sen que sexa necesaria a modificación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares reguladores do procedemento.

Terceiro. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS);

8

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 8/9
			
dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==			

Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde e suplente da responsable da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento administrativo para a contratación do lote 8 da DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA)- segunda parte- MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004) polos motivos postos de manifesto na parte expositiva deste acordo e que se dan por reproducidos para os efectos da fundamentación.

SEGUNDO.- Abrir un novo período de presentación de ofertas e publicar un novo anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo para a contratación do lote 8.

TERCEIRO.- Notificarlles esta resolución ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas.

Contra a devandita resolución, caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández e Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	15/12/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==	PÁGINA 9/9



dRKf1FbHqvd5kYM3iFgB2Q==